



## **ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS Ó CONSELLO ESCOLAR**

### **CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución Resolución do 20 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e formación Profesional pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as normas seguintes:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ó establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **un representante**, dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- Son electores tódolos pais e nais ou, se é o caso, os titores legais dos alumnos matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ó referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 11'00 horas do día 15 de novembro.
- 3.- **Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial** segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 11'00 horas do citado día **15 de novembro**.
- 4.- O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que **non** se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 11'00 horas. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario/a o/a de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 20 de novembro, ámbolos dous días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ó presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 22 de novembro, de 17:30 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:20 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- **Teñen dereito ó voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal dos alumnos.**
- 10.- Finalizada a votación procederase ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ó seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

O Temple-Cambre, 2 de novembro de 2021  
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.:Antonio Gil Gómez